

**Criterios de cualificación e recuperación das materias de Filosofía de 4º ESO, Historia da Filosofía de 2º Bacharelato en réxime xeral-ordinario, Historia da Filosofía de 2º Bacharelato en réxime de adultos, e Psicoloxía**

**Filosofía 4º ESO**

**Criterios de cualificación e recuperación**

Os criterios de cualificación serán os seguintes:

- As probas escritas, calquera que sexa o seu formato, e traballos individuais e en equipo suporán un 80% da cualificación trimestral.
- A participación na aula suporá o 20% restante.
- Alternativamente, o/a docente poderá optar por introducir como terceira ferramenta de avaliación o caderno da materia, no que cada alumno/a deberá traballar individualmente ao longo do curso. De elixirse esta opción, as probas escritas e os traballos individuais e en equipo terán un peso do 70%, o caderno un 20% e a participación na aula o 10% restante.
- Todas as probas e traballos, así como a participación na aula e, eventualmente, o caderno serán cualificados cunha nota mínima de 0 e unha nota máxima de 10.
- Para acadar o aprobado de cada avaliación trimestral deberá alcanzarse unha nota mínima de 5. Porén, todas as notas das avaliacións trimestrais redondearanse á alza a partir das 7 décimas (un 4,7 redondéase ao 5).
- A cualificación final do curso será a media aritmética das tres avaliacións parciais, sendo necesario obter unha nota mínima de 5 para acadar o aprobado. Porén, tamén na obtención da nota final do curso se efectuará un redondeo á alza a partir das 7 décimas.
- O/a docente, segundo o seu criterio, poderá ofrecer ao alumnado a posibilidade de acadar unha mellora da nota final a través da realización dun traballo específico, nas condicións que o/a propio/a docente decida.

Os criterios de recuperación serán os seguintes:

- O procedemento de recuperación será por trimestre, a través da posibilidade refacer traballos non superados ou dunha proba escrita específica, a determinar en cada caso polo/a docente/a.
- Os alumnos/as que ao final do terceiro trimestre non acaden a media de 5 necesaria para obter o aprobado na avaliación final, terán a oportunidade de facer unha proba escrita centrada naquelas partes da materia non superadas. Alternativamente, o/a docente poderá decidir substituír esta proba escrita por un traballo, nas condicións que el/ela mesmo/a decida.

## **Historia da Filosofía (2º de bacharelato). Réxime xeral-ordinario**

### **Criterios de cualificación e recuperación**

Os criterios de cualificación serán os seguintes:

- As probas escritas de comentario de texto e desenvolvemento dun tema suporán o 80% da cualificación. Nas probas haberá orientacións para levar a cabo o comentario e indicarse a puntuación máxima de cada parte da proba.
- As probas tipo test suporán o 20% da nota.
- As intervencións orais baseadas nunha argumentación clara, coherente, respectuosa das ideas, así como a implicación baseada no esforzo persoal á hora da responsabilidade co traballo diario da materia suporán ata un 5% adicional a ter en conta na nota final da materia.
- A nota da avaliación final será calculada como a media aritmética das notas das tres avaliacións parciais.
- Á nota de cada avaliación se lle aplica a seguinte regra de redondeo: Ao enteiro superior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a 7 (un 4,7 ou un 4,8 se redondean ao 5).
- Entenderase superada a avaliación cando o alumnado obteña unha cualificación igual ou superior ao 5, unha vez aplicados os criterios anteriores.

Os criterios de recuperación serán os seguintes:

- O procedemento de recuperación será por trimestre a través dun exame de comentario e desenvolvemento dun tema. Haberá orientacións para levar a cabo o comentario e indicarse a puntuación máxima de cada parte da proba.
- Cando un alumno/a non acade o 5 na media aritmética das tres avaliacións parciais, terá a oportunidade de facer unha proba final de recuperación baseada nos criterios mínimos das unidades correspondentes. Dado que os criterios desta proba final de recuperación son os mínimos para superar a materia, a nota máxima que se terá en conta será un 5.
- A cualificación da convocatoria extraordinaria estará composta exclusivamente polo resultado dunha proba escrita deseñada polo departamento de Filosofía, podendo incluír algunha pregunta curta ou preguntas tipo test. Ao resultado final aplicarase o redondeo xa detallado. O alumnado supera a materia cando acada unha cualificación igual ou superior a 5, unha vez aplicado o redondeo.

## **Historia da Filosofía (2º de bacharelato). Réxime de adultos**

### **Criterios de cualificación e recuperación**

Os criterios de cualificación serán os seguintes:

- As probas escritas de comentario de texto e desenvolvemento dun tema suporán o 70% da cualificación. Nas probas haberá orientacións para levar a cabo o comentario e indicarse a nota máxima de cada parte.
- Haberá probas tipo test e/ou de preguntas curtas que suporán o 30% da nota.
- As intervencións orais baseadas nunha argumentación clara, coherente e respectuosa das ideas, así como a implicación baseada no esforzo persoal á hora da responsabilidade co traballo diario da materia suporán ata un 5% adicional a ter en conta na nota final das avaliacións.
- A nota da avaliación final será calculada como a media aritmética das notas das tres avaliacións parciais.
- Á nota de cada avaliación aplicaráselle a seguinte regra de redondeo: ao enteiro superior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a 7 (un 4,7 ou un 4,8 redondéanse ao 5).
- Entenderase superada a avaliación cando o alumnado obteña unha cualificación igual ou superior ao 5, unha vez aplicados os criterios anteriores.

Os criterios de recuperación serán os seguintes:

- O procedemento de recuperación será por trimestre a través dun exame de comentario e desenvolvemento dun tema. Haberá orientacións para levar a cabo o comentario e indicarse a puntuación máxima de cada parte da proba.
- Cando un alumno/a non acade o 5 na media aritmética das tres avaliacións parciais, terá a oportunidade de facer unha proba final de recuperación baseada nos criterios mínimos das unidades didácticas correspondentes. Dado que os criterios desta proba final de recuperación son os mínimos para superar a materia, a nota máxima que se terá en conta será un 5.
- A cualificación da convocatoria extraordinaria estará composta exclusivamente polo resultado dunha proba escrita deseñada polo departamento de Filosofía, podendo incluír algunha pregunta curta ou preguntas tipo test. Ao resultado final aplicarase o redondeo xa detallado. O alumnado supera a materia cando acada unha cualificación igual ou superior a 5, unha vez aplicado o redondeo.

## **Psicología (2º de bacharelato). Réxime xeral-ordinario**

### **Criterios de cualificación e recuperación**

Os criterios de cualificación de cada avaliación serán os seguintes:

- En cada avaliación a profesora marcará as porcentaxes das probas escritas, calquera que sexa o seu formato (exames, probas escritas de lecturas, comentario de texto, composición, argumentación oral ou escrita...) e dos traballos, individuais ou en grupo, así como das actividades que se propoñan. O 90% da nota da avaliación será a media aritmética das notas obtidas segundo as porcentaxes establecidas previamente das probas escritas, dos traballos e das actividades.
- Así mesmo haberá ata un 10% da nota media polas intervencións orais na dinámica de clase, baseadas nunha argumentación clara, coherente e respectuosa das ideas, así como a implicación baseada no esforzo persoal á hora de responsabilizarse co traballo diario da materia.
- Todos estes criterios serán avaliados mediante indicadores traballados na aula co alumnado. De cara a obter a nota da avaliación, a media obtida redondearase ao número enteiro superior a partires de 7 décimas.
- A nota da avaliación final será calculada como a media aritmética das notas das tres avaliacións parciais. Entenderase superada a avaliación cando o alumnado obteña unha cualificación igual ou superior ao 5, unha vez aplicados os criterios anteriores

Os criterios de recuperación serán os seguintes:

- O alumnado que non chegue aos 5 puntos na 1ª ou na 2ª avaliación terá a posibilidade de recuperala. O procedemento de recuperación será por trimestre a través da posibilidade refacer traballos non superados ou unha proba, a determinar polo profesorado do departamento.
- O alumnado que ao final do 3º trimestre non acade a media de 5 necesaria para obter o aprobado na avaliación final, terán a oportunidade de facer unha proba final escrita centrada naquelas partes da materia non superadas. Alternativamente o profesor/a poderá decidir substituír esta proba escrita por un traballo, nas condicións que o/a docente decida.
- Quen non supere a materia a avaliación final, terá a oportunidade de facer unha proba extraordinaria baseada nos criterios mínimos das unidades correspondentes. A avaliación será superada cando a súa nota sexa igual ou superior a 5, unha vez aplicado o redondeo.